




RENOVACIÓN PARCIAL CONSELLO ESCOLAR CURSO 2024- 2025



Foz, 18 outubro de 2024

FAMILIAS ALUMNADO COLEXIO DO PILAR- FOZ

Polo presente comunicado queremos informalos que segundo a lexislación vixente, no mes de novembro procederáse á renovación parcial do Consello Escolar do Centro.

De acordo co establecido no apartado duodécimo da Orde do 28/08/96, e tendo en conta as renovacións parciais anteriores, corresponde nesta ocasión a renovación dos seguintes membros:

- Dous representantes do profesorado
- Un representante do alumnado
- Dous representantes dos pais, un deles o proposto pola ANPA.
- O representante do persoal de administración e servizos

Polo que respecta a vostedes, correspóndelles elixir a un dos seus representantes e desde aquí resumímoslles as disposicións ó respecto, para que teñan coñecemento delas á hora de exercer o seu dereito:

- Todo o proceso será dirixido pola **Xunta Electoral**

COMPOSICIÓN DA XUNTA ELECTORAL: Artigo 7.1 da Orde do 28/08/1996

A Xunta Electoral estará integrada por:

- O director, que a preside.
- Un representante da entidade titular.
- Un pai/nai/titor.
- Un representante do profesorado.
- Un alumno/a da ESO.
- Un membro do PAS.

Os catro últimos serán elixidos por sorteo.

COMPETENCIAS DA XUNTA ELECTORAL: Regúlanse no artigo 7.2 da Orde do 28 de agosto de 1996.

Son:

- Aprobar e publicar os censos electorais
- Concretar o calendario electoral
- Ordenar o proceso electoral
- Admitir e proclamar candidaturas
- Promover a constitución das Mesas electorais
- Resolver as reclamacións presentadas perante as mesas
- Proclamar as candidaturas elixidas e remitir as actas á Xefatura Territorial
- Reclamar do titular a designación dos seus representantes
- Reclamar da ANPA a designación do seu representante (cando corresponda)

Os membros desta Xunta Electoral, a excepción dos que o sexan por razón do seu cargo serán elixidos por SORTEO público o **luns 21 de outubro ás 12:00 na Sala de Reunións do Colexio.**

- Esta Xunta constituirase o **xoves 24 de outubro** e a partir desta data iránselles comunicando as distintas fases do proceso: aprobación de censos, calendario electoral, presentación de candidaturas...
- Queremos dicirlles tamén que teñan en conta o seguinte:

Son electores tódolos pais e nais ou titores legais dos alumnos/as pero deberán estar no censo. Para poder comprobalo exporase no taboleiro de anuncios nas datas correspondentes.

Igualmente todos poden ser candidatos á elección, pero deberán presentar a súa candidatura no prazo sinalado pola Xunta Electoral.

Dende aquí queremos animalos/as a que participen no proceso electoral, xa que estamos a renovar o Órgano Colexiado máis importante do Centro.

CONSELLO ESCOLAR

Pais e nais, alumnos, profesores e persoal non docente posúen voz e voto na xestión dos centros, grazas á representación que todos os sectores da comunidade educativa teñen nos membros dos consellos escolares.

Desde a aprobación dos orzamentos do centro, a maioría das decisións importantes que se toman nun centro educativo deben pasar por este órgano de goberno.

Composición do Consello Escolar:

O Consello Escolar renova cada dous anos á metade dos seus membros pertencentes aos sectores de profesores, pais e alumnado, de modo que o período mínimo de permanencia é de catro anos.

Os membros elíxense por e entre eles, é dicir, os pais elixen os seus representantes, os alumnos aos seus e ao igual que o fai profesorado.

Nos centros concertados, tal como establece a normativa vixente, a composición do Consello escolar será a seguinte:

O director/a.

Tres representantes do titular do centro.

Catro representantes dos profesores.

Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos (un deles designado pola ANPA).

Dous representantes dos alumnos a partir de 1º de ESO.

Un representante do persoal de administración e servizos.

Atribucións do Consello Escolar

O Consello Escolar do centro terá as seguintes atribucións:

- Formular propostas ao equipo directivo sobre a programación anual do centro e aprobar o proxecto educativo, sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- Elaborar informes, a pedimento da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e sobre aqueles outros aspectos relacionados coa actividade do mesmo.

- Participar no proceso de admisión de alumnos e velar para que se realice segundo o establecido na lexislación vixente.
- Aprobar o regulamento de réxime interior do centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se ateñan á normativa vixente.
- Aprobar o proxecto de orzamento do centro e a súa liquidación.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar.
- Propoñer as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
- Ser informado da proposta á Administración educativa do nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.